

PLAN DE ACOLLIDA PARA O CURSO 2020/2021

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”. O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ás Instrucións citadas o Programa de Acollida Covid 19 do CEIP Plurilingüe Isidora Riestra publicado na páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisidorariestra/>, para o reinicio da actividade académica presencial o vindeiro 10 de setembro.

NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

Cada un dos grupos de Infantil e Primaria será considerado un **GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA**. O alumnado de cada grupo pode relacionarse entre si, pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables. Evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre si obriga a organizar entradas, saídas e recreos, entre outros aspectos.

Entradas e saídas


IMPORTANTE: Só pode acceder ao recinto escolar un acompañante por alumno de Educación Infantil. Os acompañantes do alumnado de Educación Primaria non poden acceder ao patio nin ao edificio.

Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas. Por iso, só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna, será fundamental a puntualidade, non se debe chegar demasiado cedo, en canto o alumno/a entre ou saía os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas. Recomendámosvos que evitedes que os acompañantes sexan persoas de risco.

Ás 08:45 abriranse os portais do recinto e o alumnado así como vaia chegando irá accedendo a súa aula. Haberá profesorado de vixilancia para axudalos.

Utilizaremos seis portas para o acceso e a saída do colexio:

- Porta de infantil (cor azul): 5º de Educación Infantil.
- Porta 1 do recreo (cor vermello): 4º de Educación Primaria.
- Porta 2 do recreo (cor amarelo): 1º e 2º de Educación Primaria.
- Porta 3 do recreo (cor lila): 3º e 5º de Educación Primaria.
- Porta 4 do recreo (cor laranxa): 6º curso de Educación primaria.
- Porta principal (cor verde): 4º e 6º curso de Educación Infantil.



As saídas realizaranse pola mesma porta que as entradas seguindo o seguinte horario:

Alumnado non transportado:

13:40 Educación Infantil.

13:45 1º e 3º Educación Primaria. 1º sairá do recinto polo portal pequeno e 3º sairá polo portal

grande.

13:50 2º e 6º Educación Primaria. 2º sairá do recinto polo portal pequeno e 6º sairá polo portal grande.

13:55 4º e 5º Educación Primaria. 4º sairá do recinto polo portal pequeno e 5º sairá polo portal grande.

Alumnado transportado:

Todo o alumnado transportado sairá ás 14:00h. polas portas que teñen asignadas.

O alumnado que vaia na liñas de transporte de Vilar-Casalvito (vermello) e Albar 2-Seara (azul), sairán polo portal pequeno e o que vaia na liñas de transporte de Ucha-Santiña (amarelo) e Capela-Campelo-Fragamoreira (verde) sairán polo portal Grande.

O alumnado usuario do comedor sairá ás 14:00 e esperara á coidadora na aula número 5 da planta baixa, reservada a tal efecto.

RECREOS:

Co obxectivo de illar aos grupos estables de convivencia, haberá dous recreos de 25' separados por un tempo intermedio de 5'.

1º Recreo:

Horario: 11:15h. a 11:40h.

Cursos: 1º, 2ºB, 3º, 4ºA e 4ºB de Educación Primaria, 5º e 6º de Educación Infantil.

2º Recreo:

Horario: 11:45h. a 12:10h.

Cursos: 2ºA, 5ºA, 5ºB, 6ºA e 6ºB de Educación Primaria, 4º de Educación Infantil.

O alumnado utilizará os diferentes espazos facendo unha rotación semanal agás Educación infantil que utilizarán os espazos 1 e 2.



As dimensións das diferentes superficies teñen valores aproximados.

ATENCIÓN SECRETARÍA/ DIRECCIÓN.

Só se atenderá de maneira presencial con cita previa.

Podedes solicitala a través dos teléfonos (886 15 14 50- 886 15 14 51- 886 15 14 52), do correo electrónico (ceip.isidora.riestra@edu.xunta.es) ou da axenda do alumnado.

Tamén podedes empregar estas vías para calquera dúbida, consulta ou suxerencia.

TUTORIAS.

As tutorías levaranse a cabo baixo tres modalidades:

- *Telefónica.*

- *Virtual (opción preferente)* a través da plataforma que oferte a consellería no curso 2020/2021.

- *Presencial:* para aqueles casos nas que a vídeo conferencia non sexa posible. Nesta modalidade, a reunión levarase a cabo na aula da tutoría correspondente, previa cita e garantindo a distancia social. Todos os asistentes á tutoría levarán máscara, manterán a distancia e farán a pertinente desinfección de mans. Cando nalgunha destas reunións sexa necesaria a revisión dalgunha proba

escrita, avisarase con anterioridade para poder facer copias da mesma e evitar a manipulación conxunta.

En todo os casos, será obrigatoria a cita previa, empregando calquera das canles: Abalarmóbil, axenda do alumnado, teléfono.

ORIENTACIÓN

Priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Só se atenderá presencialmente en casos excepcionais e sempre con cita previa.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Pendente das decisións da ANPA

Actuacións de prevención, hixiene e protección.

Corresponde ao Concello xestionar, planificar, organizar e desenvolver as medidas de limpeza do centro.

PREVENCIÓN

Compromiso realización autoenquisa clínica diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio). A tales efectos os pais/nais/titores/ asinarán unha declaración responsable onde se comprometen a realizala todos os días.

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

O uso de máscara é obrigatorio para todos os maiores de 6 anos.

Antes de acceder ao centro ou a algunha das súas dependencias limparase as mans con hidroxel e manterase a distancia de seguridade sempre que sexa posible.

Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Recordar o emprego axeitado das máscaras: como poñelas e quitalas, onde se gardan...
- Durante os primeiros días faranse ensaios das entradas e saídas para valoración de aspectos a mellorar.
- Proporcionarase ao alumnado de información do uso correcto da máscara e de como poñela e sacala adecuadamente.

Nos próximos días, os titores e titoras poñeranse en contacto para informar das normas específicas das distintas aulas.

CENTRO SANITARIO DE REFERENCIA DO CENTRO.

O noso centro sanitario de referencia é o **Centro de Saúde Anafáns.**

Pódese encontrar toda a documentación Covid na páxina web do centro.